

CAMPAMENTOS DE VERÁN (2019) NA REDE MUSEÍSTICA



Museo Provincial de Lugo

Este verán de 2019 mudamos a proposta, que non a filosofía, da nosa oferta de actividades e obradoiros para os máis pequenos. Cada un dos catro museos que compoñen a Rede Museística da Deputación de Lugo conta cun programa continuado de actividades moi variadas, sempre lúdicas, que se irán sucedendo ao longo dos días establecidos para cada quenda e cuxo obxectivo prioritario é achegar os asistentes ás fontes primarias de coñecemento para APRENDER a SER, a FACER, a COÑECER e a VIVIR COMPARTINDO.

Chamámoslles campamentos porque nos xuntamos para “acampar”, neste caso nos museos. Acampar no sentido de compartir e colaborar na procura dun obxectivo común: a experiencia e a motivación que nos poden ofrecer os múltiples e variados contidos destes catro museos: O Museo Provincial de Lugo (cidade de Lugo), o Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol), O Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo) e o Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

A intención, ademais de adquirir coñecementos, é promover a convivencia nestes espazos con tan importante legado histórico, lugares que convidan a coñecer e crear (imaxinar) desde as ciencias, artes e técnicas artísticas ou arqueolóxicas, sempre desde parámetros de igualdade, interdisciplinabilidade e sostibilidade.

As distintas actividades a realizar serán impartidas exclusivamente por profesionais dos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo.

CAMPAMENTOS

Idades: de 4 a 12 anos e membros do Club Pequeamig@s.

Prazas: 20 para cada quenda.

Horario: de 10:30 a 14h.

Quendas

1º.-quenda: do 1 ao 5 de xullo.

2º.-quenda: do 8 ao 12 de xullo.

3º.-quenda: do 19 ao 23 de agosto.

4º.-quenda: do 26 ao 30 de agosto.

Inscripcións

Realizaranse mediante o formulario específico no Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo, os días, 24, 25 e 26 de xuño, polas mañás (de 9 a 14 horas).

Comunicación admitidos: O día 28 de xuño comunicarase a listaxe de admitidos.

Nota importante para pais e nais

Unha vez comunicada a admisión do seu fillo ou filla para calquera das quendas, en caso de que pola que razón que sexa non teñan previsto asistir, rogamos comuniquen a este museo a maior brevidade esa circunstancia. Así facilitarán que outros demandantes en reserva poidan ser convocados.

ACTIVIDADES PARA O CLUB SÉNIOR

»Álbum de Memoria

Data: 8 de 9 de xullo.

Horario: De 18:00 a 20:00h.

ACTIVIDADES CON COLECTIVOS

»Diversidade sexual e de xénero no asilo (con motivo do Día Mundial das Persoas Refuxiadas)

Lugar: Xardín do MPLugo

Data: 21 de xuño.

18:00h.-Obradoiros infantís

20:00h.- Coloquio “Persoas na procura de liberdades”. Testemuños en primeira persoa.

En colaboración con ACCEM e ARELAS.

»Teatro: *Vida cómica*, obra interpretada pola Compañía de Teatro IMPROvabilidades composta por persoas usuarias do centro COGAMI-Lugo.

Lugar: Refectorio do MPLugo

Data: 25 de xuño, ás 12:00h.

En colaboración con COGAMI.

Museo Provincial de Lugo: 982 24 23 00 / 982 24 21 12

Xerencia da Rede Museística: 699 836 883

xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO